



Ángel Rodríguez González, con DNI nº 36.041.583-P, Secretario do Consello de Administración da sociedade mercantil XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A., con CIF nº A70392758, con domicilio social en Polígono de Fontiñas, Área Central, 1º Andar, Local 25-Z.-15707, Santiago de Compostela,

**CERTIFICA:**

I.- Que a Xunta Xeral de Accionistas de XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. celebrada en data 28 de decembro de 2020 adoptou, entre outros acordos, unha **redución de capital** para compensación de perdas. Dito acordo implica unha **modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos sociais**, cuxa redacción, despois da devandita modificación, é a seguinte:

***“Artigo 6º.-Capital social .***

*O capital social é de 216.753.711,22 €, totalmente subscrito e desembolsado.*

*A participación directa ou indirecta na sociedade da Administración Xeral da Xunta de Galicia e das demais entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, de 17 de decembro, haberá de ser, en todo momento, maioritaria. En todo caso, a totalidade do capital da sociedade será de titularidade pública.*

***Artigo 7º.-Accións***

*1º) O capital social estará representado por 122.051 accións nominativas, de 1.775,927368 euros de valor nominal cada unha delas.*

*2º) As accións estenderanse en libros talonarios, estarán numeradas correlativamente e todas se anotarán nun Rexistro Especial da Sociedade no que se farán constar, igualmente, as sucesivas transmisións e a constitución de dereitos reais sobre aquelas. A inscrición neste Rexistro é condición necesaria para acreditar a condición de socio ou a titularidade das accións.*

*3º) Os títulos das accións contarán cos requisitos que determina o artigo 114 da LSC, e levarán as firmas dos membros do Consello de Administración, que poderán figurar estampilladas.*

*4º) Analogamente, coa sinatura, estampillada ou non, de dous conselleiros, poderán estenderse extractos de inscrición ou resgardos xustificativos da titularidade das accións, incluso mediante un solo documento para cada accionista.*

II.- Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de 4 de febreiro de 2021, acordou autorizar a modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos sociais, nos termos propostos pola Xunta Xeral de Accionistas de Xestur, S.A., como consecuencia do acordo antes referido, aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 105.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido a presente certificación, co Visto Bo do Sr. Presidente, D. Heriberto García Porto, neste documento asinado electrónicamente, en Santiago de Compostela, na data da que figura na firma dixital.

